CELADOR/A

1. **En caso de que nun hospital se produza unha Emerxencia Parcial (clasificada así pola súa gravidade), é necesario que actúen:**
A) Os Equipos de Primeira Intervención do Centro.
B) Os Equipos de Socorro externos ao Centro.
C) As respostas A) e B) son correctas.
D) As respostas A) e B) son falsas.

2. **Un celador que presta os seus servizos na planta de Oncoloxía dun centro hospitalario, como consecuencia do seu traballo, é coñecedor de que un determinado paciente vai ser ingresado na planta onde está destinado. ¿Pode dar esa información a un dos familiares do paciente cando o pregunte?**
A) Non, esa información é confidencial.
B) Non, o celador non pode dar ningún tipo de información aos familiares do paciente.
C) Si, esa información non é confidencial.
D) Si, o celador pode dar todo tipo de información aos familiares do paciente.

3. **Se a supervisora do control de enfermaría onde vostede presta os seus servizos como celador lle deixa unha nota coas instrucións para realizar unha determinada tarefa contemplada nas súas funcións, trátase dun tipo de comunicación, que podemos describila como:**
A) Unidireccional.
B) Interna.
C) Audiovisual.
D) As respostas A) e B) son correctas.

4. **Vostede, como Celador Auxiliar de Autopsias, desenvolve a súa actividade no Servizo de Anatomía Patolóxica do Hospital. No relativo ao arquivado das mostras xa tratadas no Laboratorio de Anatomía Patolóxica ¿a que profesional lle corresponde realizalo?**
A) Ao Celador sen Atención Directa ao Paciente asignado ao Laboratorio de Anatomía Patolóxica.
B) Ao Celador con Atención Directa ao Paciente asignado ao Laboratorio de Anatomía Patolóxica.
C) Ao Celador Auxiliar de Autopsias asignado ao Laboratorio de Anatomía Patolóxica.
D) A ningún dos anteriores.

5. **Sinale cal dos seguintes é un medio técnico de protección pasiva en caso de incendio:**
A) Extintores.
B) Iluminación de emerxencia.
C) Bocas de rego.
D) Sistemas de extinción automáticos.

6. **¿Para que se pode utilizar un saquito de area en relación coas doenzas dun paciente?**
A) Como peso en Rehabilitación.
B) Como apoio para manter a porta do cuarto aberto e evitar que se peche soa.
C) Como apoio dun dos membros inferiores do paciente para favorecer a súa estabilidade cando está deitado.
D) As respostas A) e C) son correctas.

7. **Vostede, como Celador do Servizo, vai acompañar un paciente ao que lle van realizar un electroshock. Os familiares do paciente pregúntanlle a vostede qué proba lle van realizar. ¿Cal das seguintes contestacións é a que debe darlles vostede?**
A) Amablemente indicaralles a qué Servizo leva o paciente, e dirixiraos ao facultativo correspondente para o resto de explicacións.
B) Amablemente indicaralles a qué Servizo leva ao paciente, qué proba lle van realizar, e os dirixirá ao facultativo correspondente para o resto de explicacións.
C) Amablemente indicaralles que non pode darlles ningún tipo de información da qué lugar nin para que se leva o paciente.
D) Ningunha das respostas anteriores é correcta.

8. **Se á Supervisora da Unidade onde vostede está destinado como Celador lle indica que van realizar a cura a un paciente, e que colla vostede o carro de curas e comprobe que está preparado para o labor, vostede:**
A) Levará o carro ao lugar de realización da cura.
B) Comprobará que o carro está limpo.
C) Comprobará que o carro está correctamente equipado.
D) Ningunha das respostas anteriores é correcta.

9. Ante unha emerxencia por fume, ¿cal é a evacuación recomendable?
A) Arrastre por sabanas.
B) Traslado en cadeira.
C) Levantamento.
D) Arrastre directo.

10. ¿Quen dará as ordes a un celador ante unha emerxencia?
A) O xefe de garda.
B) O xefe de servizo.
C) O xefe de intervención.
D) A supervisora.

11. A quen esta encomendado o traslado de instrumental cirúrxico utilizado nunha intervención, cara á área de esterilización:
A) Á enfermeira.
B) Ao celador.
C) Á auxiliar de enfermaría.
D) Á supervisora de esterilización.

12. ¿Por cantas correas de afrouxe rápido esta composta a padiola de rescate?
A) 5.
B) 3.
C) 4.
D) Non ten correas.

13. O medio máis seguro dentro do quirófano será aquel que renove o aire:
A) 10 a 15 veces por hora.
B) 18 a 25 veces por minuto.
C) 18 a 25 veces por hora.
D) 18 a 25 veces por día.

14. Segundo o decreto referente ao transporte sanitario na Comunidade Autónoma de Galicia, o tamaño das letras da inscrición da razón social da entidade, na ambulancia non superará:
A) 1/3 do tamaño das letras do rotulo ambulancia.
B) 2/3 do tamaño das letras do rotulo ambulancia.
C) O 5% do tamaño da franxa amarela.
D) 1/6 do tamaño da franxa amarela.

15. Dentro das categorías de material que se utiliza nos hospitais, ¿en que apartado colocarías o cemento óseo?
A) Material sanitario.
B) Material de limpeza.
C) Material para mantemento.
D) Material non sanitario.

16. As vacinas clasificariámolas segundo a súa orixe en:
A) Medicamentos de orixe humana.
B) Medicamentos de plantas medicinais.
C) Medicamentos homeopáticos.
D) Medicamentos biolóxicos.

17. ¿Como deben colocarse as camas en la U.C.I.?
A) Cara a un lado do box coa cabeceira cara ao centro.
B) No centro de box coa cabeceira cara á parede do fondo.
C) Sempre nun lado do box para poder acceder mellor ao paciente.
D) No centro do box coa cabeceira cara ao centro.

18. ¿Cantos pases permanentes para familiares, serán entregados aos familiares dun paciente en U.C.I.?
A) Solo 1.
B) Non hai número mínimo de pases.
C) Ningún.
D) Un mínimo de 2 pases por paciente.

19. ¿Que se entende por inventario dun almacén xeral do Servizo Galego de Saúde?
A) Estanza provisional da mercadoría no almacén.
B) Chegadas de mercadorías que serven os provedores.
C) Relación detallada e valorada de contar as existencias dun almacén nun momento determinado.
D) Información que permite coñecer en todo momento as entradas, as saídas e as existencias.

20. ¿Que é un electroencefalógrafo?
A) Aparato que permite minimizar os impulsos eléctricos que derivan do cerebro.
B) Aparato que permite amplificar os impulsos eléctricos que derivan do corazón.
C) Aparato que permite minimizar os impulsos eléctricos que derivan do corazón.
D) Aparato que permite amplificar os impulsos eléctricos que derivan do cerebro.

21. ¿Para que se utilizan os cardiotocógrafos?
A) Rexistra a actividade cardíaca fetal.
B) Xera un impulso eléctrico.
C) Rexistra as contraccións uterinas.
D) A) e C) son correctas.

22. Dende o punto de vista da perigosidade infectiva, consideramos para a limpeza da área de fisioterapia:
A) Área semicrítica.
B) Área crítica.
C) Área non crítica.
D) Todas son correctas.

23. En caso de emerxencia, o órgano ou autoridade que encabeza a estrutura de mando do hospital é:
A) O comité de seguridade.
B) O xefe de seguridade.
C) O xefe das unidades de emerxencia.
D) O xefe dos equipos de emerxencia.

24. ¿Cal destes documentos deben formar parte obrigatoriamente dun plan de emerxencia?
A) Planos de situación e localización.
B) Inventario de utensilios de laboratorio.
C) Plano de emerxencia parcial.
D) Control dos enfermos ambulantes existentes en cada momento no hospital.

25. Nun procesador de textos ao pulsar tres veces o botón esquerdo do rato sobre un texto seleccionaremos:
A) Só o parágrafo sobre o que pulsamos tres veces.
B) Só a palabra sobre a que pulsamos tres veces.
C) Só a frase sobre a que pulsamos tres veces.
D) A) e B) son correctas.

26. As certificacións Técnico - Sanitarias dos vehículos de Transporte Sanitario deberán ser renovadas:
A) Anualmente a partir do primeiro ano de antigüidade do vehículo.
B) Anualmente a partir do segundo ano de Antigüidade do vehículo.
C) Cada dous anos a partir do segundo ano de antigüidade do vehículo.
D) Cada oito anos.

27. ¿Cal das seguintes actuacións non é correcta nun Celador destinado en Quirófano?
A) Permanecerá sempre dentro do quirófano.
B) Trasladará o paciente ao espertar.
C) Axudará na colocación do paciente na mesa de quirófano.
D) Levará calzas, gorro, pixama e máscara.

28. Cando mobilicemos a un enfermo, sempre será mellor:
A) Deslizar e empurrar que levantar.
B) Levantar sempre ao unísono.
C) Empezar sempre pola cabeza.
D) Empurrar e levantar que deslizar.

29. As sentinelas da cama son:
A) O persoal sanitario que coida os pacientes.
B) Almofadas hinchables para a protección das balderas.
C) Un protector metálico.
D) Taboleiro que serve de apoio dos pés do paciente.

30. A zona de aparcamento de vehículos, cando exista, nun Hospital:
A) Non é función do Celador vixiala.
B) É unha función exclusiva do persoal de vixilancia.
C) Pode encomendárselle esta función ao Celador.
D) Ningunha é correcta.

31. ¿Cal é a finalidade dos plans de emerxencia hospitalaria?
A) Garantir unha seguridade hospitalaria.
B) Un control rápido da evolución da emerxencia para así evitar accidentes.
C) Un control rápido da evolución da emerxencia e diminuír as consecuencias.
D) Mellorar recursos financeiros.

32. Exemplo de accidente de evolución lenta é:
A) Electrocución.
B) Incendio.
C) Explosión.
D) Ningunha das respostas anteriores é correcta.

33. As rodas das camas hospitalarias deben ser de goma para que:
A) Illen a humidade.
B) Illen de posibles fugas eléctricas.
C) Non fagan ruído.
D) Todas son correctas.

34. ¿De quen é función a análise funcional das aplicacións informáticas?
A) Persoal Técnico Superior de sistemas e tecnoloxías da información.
B) Persoal de Xestión de sistemas e tecnoloxías da información.
C) Técnicos especialistas de sistemas e Tecnoloxías da información.
D) Ningunha é correcta.

35. As dimensións dunha cama hospitalaria sen colchón son:
A) 190-210 cm. X 100 cm. X 70 cm.
B) 190-200 cm. X 100 cm. X 70 cm
C) 190-200 cm. X 80-90 cm. X 70 cm.
D) 200-210 cm. X 80 cm. X 70 cm.

36. O movemento de achegamento ao plano medio chámase:
A) Adducción.
B) Rotación.
C) Abducción.
D) Supinación.

37. A posición de decúbito lateral dereito:
A) Paciente deitado de lado coa perna inferior en extensión ou lixeiramente flexionada pola cadeira ou xeonllo, brazos paralelos ao corpo o inferior lixeiramente separado e cara a adiante.
B) O eixe do corpo paralelo ao chan.
C) As repostas A) e B) son incorrectas.
D) As repostas A) e B) son correctas.

38. Antes de iniciar a mobilización dun enfermo en cama ¿Que é o primeiro que se debería facer?
A) Frear a cama e colocala en posición horizontal.
B) Comprobar o estado e situación dos soros.
C) Retirar todo o que nos estorbe.
D) Explicar o procedemento e pedir colaboración ao paciente, na medida do posible.

39. Segundo o decreto 134/98 aos falecidos polas causas sinaladas como grupo 1º:
A) Poderáselles practicar tanatopraxia e tanatoestética.
B) Non se lles poderá practicar tanatopraxia nin tanotoestética.
C) Poderase realizar o embalsamamento.
D) Poderase utilizar a conservación transitoria.

40. A sala de autopsias terá unha superficie mínima de:
A) 20 metros cadrados.
B) 25 metros cadrados.
C) 30 metros cadrados.
D) 35 metros cadrados.

41. Os documentos, segundo a súa forma, serán:
A) Primarios, Secundarios, Terciarios.
B) Gráficos, Tipográficos, Iconográficos.
C) Fónicos, Informáticos, Plásticos.
D) Gráficos, Fónicos, Visuais.

42. A correcta colocación das mans sobre o tórax para iniciar la RCP denomínase:
A) Posición de Samuel.
B) Posición de Stern.
C) Posición de Reanimación.
D) Posición de Referencia.

43. O plano saxital ou medio:
A) É un plano horizontal que atravesa o corpo en sentido lonxitudinal e divídeo en dúas metades.
B) É un plano horizontal que atravesa o corpo en sentido lonxitudinal e divide o corpo en porcións anterior e posterior.
C) É un plano vertical que atravesa o corpo en sentido lonxitudinal e divídeo en dúas metades.
D) É un plano vertical que atravesa o corpo en sentido lonxitudinal e divídeo en porcións anterior e posterior.

44. No illamento hemático:
A) A porta do cuarto pode estar aberta.
B) A porta do cuarto debe permanecer sempre pechada.
C) Sempre se ha de entrar con bata.
D) As respostas A) e C) son correctas.

45. ¿Quen carga e descarga as calandras?
A) O pique.
B) O celador.
C) A planchadora.
D) Ningunha resposta é correcta.

46. A cama de Gatch:
A) É unha cama articulada que permite pasar ao paciente de decúbito supino ata quedar sentado e se usa en pacientes con lesións medulares.
B) É unha cama que mantén unha rotación programada do paciente (terapia cinética) que prevén a aparición de úlceras.
C) É unha cama articulada eléctrica que permite unha mobilización (decúbito supino a posición sentada) do paciente.
D) É unha cama de última xeración indicada para pacientes con lesións medulares e dispón de traccións.

47. Segundo la OMS, a saúde mental é:
A) O benestar nas relacións connosco mesmos e cos demais, e nas respostas dadas ás situacións.
B) É o estado de benestar tanto físico e psíquico como social.
C) É a capacidade para conseguir unhas relacións harmoniosas cos demais e para participar ou contribuír de xeito construtivo á modificación do medio social ou físico.
D) Ningunha das anteriores respostas se axusta á definición segundo la OMS.

48. A ergonomía xeométrica:
A) Encamíñase ao estudio global dos sistemas de traballo.
B) Ocúpase da relación fatiga-descanso.
C) Ocúpase do confort posicional do traballador.
D) Estuda os factores físicos como a temperatura.

49. Tras a práctica dunha suxeición mecánica ¿cada canto tempo debe valorarse a súa continuidade?
A) Cada 2 horas.
B) Cada 4 horas.
C) Cada 8 horas.
D) Cada 24 horas.

50. En relación cos pacientes falecidos na institución, se é necesario realizarlles a autopsia, encargarase diso:
A) O celador do servizo onde faleceu o paciente.
B) O celador destinado no Servizo de Anatomía Patolóxica.
C) O celador de apoio ou de servizos varios.
D) Ningún dos anteriores.

51. Cando se escribe un documento nun procesador de textos, ¿pódese inserir unha táboa dentro do documento co procesador de textos?
A) Si, pero non realizará operacións matemáticas.
B) Si, pero só se pode inserir dentro dun cadro de texto.
C) Si, pero só pode ocupar unha páxina como máximo.
D) Ningunha das respostas anteriores é correcta.

52. ¿Cando o Celador debe lavarse as mans?
A) Antes de mobilizar un paciente.
B) Despois de mobilizar un paciente.
C) Antes de entrar no quirófano.
D) A) e B) son correctas.

53. ¿Que é un escabel?
A) Un aparato para medir a presión arterial.
B) Un timbre.
C) Un tallo.
D) Un tipo de pinza.

54. Unha urxencia obxectiva ou verdadeira será:
A) Unha emerxencia médica.
B) Unha urxencia médica.
C) Unha atención de urxencia.
D) Unha atención de emerxencia.

55. ¿Que tipo de ambulancias deben de dispoñer de mascaras de osíxeno?
A) Básicas.
B) Medicalizadas.
C) Transporte colectivo.
D) Todas son correctas.

Como Celador do Servizo Galego de Saúde, ¿como actuaría ante as seguintes situacións?

56. Se o Celador de quirófano escoita a palabra *"escialítica"* saberá que se refiren a:
A) Un carro de curas.
B) Unha mesa accesoria.
C) Unha lámpada.
D) Un tipo de sutura.

57. Cando se lle está a realizar un cambio postural a un paciente, vemos que dunha das súas feridas mana sangue, co cal entramos en contacto directo cunha man. ¿Cal das seguintes será unha actuación correcta do celador?
A) Poñelo inmediatamente en coñecemento do seu inmediato superior.
B) Lavarse as mans inmediatamente con auga e desinfectante.
C) Poñer un apósito na zona de contacto do sangue coa man.
D) Solicitar a realización das analíticas correspondentes para descartar posibles contaxios.

58. Durante a quenda de noite dun sábado calquera, un paciente que accedeu ao Servizo de Urxencias do Hospital necesita ser ingresado no Centro, ¿quen será o encargado de solicitar unha cama libre no Hospital para ingresar o paciente?
A) O Superior do Servizo de Urxencias.
B) O facultativo que se encargou do paciente.
C) O Servizo de Admisión.
D) O Coordinador do Servizo de Admisión.

59. Un domingo calquera chega ao Servizo onde vostede está destinado como Celador unha caixa grande e pesada, que a Supervisora lle indica que leve ao almacén do Servizo e a coloque. Vostede:
A) Fará o que lle indica a Supervisora.
B) Non fará nada, pois o domingo a Supervisora non está de servizo.
C) Colocará a caixa o máis próxima ao chan que sexa posible.
D) As respostas A) e C) son correctas.

60. Cando faltan 5 minutos para rematar a súa quenda de traballo no Servizo no que vostede está destinado como Celador prodúcese unha parada cardio-respiratoria dun paciente. O Supervisor do Servizo requírelle a vostede para que colabore. Vostede:
A) Indicaralle ao Supervisor que a súa quenda de traballo remata en 5 minutos, e que terá que marchar cando chegue a hora.
B) Colaborará no procedemento de recuperación do paciente tal e como lle solicita o Supervisor do Servizo, independentemente do tempo que pase.
C) Cando remate co seu traballo informará o seu inmediato superior orgánico do sucedido para que tomen as medidas oportunas.
D) As respostas B) e C) son correctas.